


Hai vida noutros planetas?

A Lúa ou Venus tiveron algunha oportunidade de albergar vida? Sabemos que as condicións necesarias para que exista vida son como mínimo as da Terra polo que podemos buscar outros planetas como o noso pero, que pasa coa estrela central? Ten algo que ver? E co tempo? Unha vez que un planeta tivo vida vaino facer para sempre?



1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Por agora só coñecemos unha forma de vida: a nosa.

Sabemos que para a nosa vida precisamos unhas condicións determinadas que son as da Terra. Para atopar vida noutros planetas, primeiro temos que buscar aqueles que estean nunha zona habitable. Para averiguar que planetas son, podemos empregar un simulador coma este ([enlace](#)). Está en inglés pero non dá ningún problema de tradución.

2. Buscamos información.

Para que un planeta poida sosteñer organismos vivos é necesario que orbite ao redor dunha estrela e que teña as condicións necesarias para ter auga doce. A distancia precisa depende fundamentalmente do tamaño do Sol pero, como varía exactamente?

As estrelas evolucionan polo que é posible que un planeta tivese no pasado as condicións necesarias para a vida e rematase perdéndoas. Este é o caso de Marte.

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Imos empregar un simulador ([enlace](#)) que permite cambiar o tamaño da estrela e a distancia inicial do planeta a investigar. Tamén podemos empregar estrelas coñecidas como Gliese 581 ou 51 Pegasi. No noso traballo imos analizar a que distancia da estrela está a zona habitable e canto tempo dura nesa posición. Para conseguilo iremos modificando a masa da estrela e anotando os resultados con moita atención.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.